



Como afecta o arrefriamento intensivo no verán á fertilidade de vacas novas e adultas?

Neste artigo presentamos medias mensuais da taxa de concepción mensual por vaca nos últimos cinco anos (2019-2023) en granxas con tratamento de arrefriamento mínimo e intensivo.

Israel Flamenbaum
Cow Cooling Solutions Ltd., Israel

O quecemento global e o aumento constante do rendemento das vacas agravan o problema do verán nas granxas leiteiras e aumentan as perdas de produción causadas aos produtores de leite. Unha parte importante das perdas causadas débese ao efecto negativo da carga de calor na fertilidade das vacas que se inseminan no verán. Para sinalar este efecto, recompilamos datos de cinco granxas leiteiras de grande escala e alto rendemento (1.500 a 3.000 vacas leiteiras por rabaño),

situadas na rexión de La Laguna, ao norte de México, caracterizada por un clima desértico, con preto de 180 días estresantes por ano, onde as vacas están expostas a condicións de tensións por calor.

Malia o desexo de comparar granxas leiteiras con arrefriamento intensivo con aquelas que non o teñen, resultou que non existen xa na rexión explotacións con cero arrefriamento e o arrefriamento mínimo, representado aquí nun par de establos, é por medio de mollar ao gando

e ventilación forzada, unicamente no patio de espera, antes de cada muxido. Os datos das granxas con arrefriamento mínimo comparáronse cos de tres granxas leiteiras onde as vacas recibiron arrefriamento intensivo, que combina humectación e ventilación forzada proporcionada en 6 tratamentos de arrefriamento por día, cunha duración de entre 40 minutos e unha hora cada un (aplicados antes e despois de cada sesión de muxido, un case cada 4 horas), durante todo o día.



► MALIA O DESEÑO DE COMPARAR GRANXAS LEITEIRAS CON ARREFRIAMENTO INTENSIVO CON AQUELAS QUE NON O TEÑEN, RESULTOU QUE NON EXISTEN XA NA REXIÓN EXPLOTACIÓNS CON CERO ARREFRIAMENTO E O ARREFRIAMENTO MÍNIMO



Figura 1. Medias da taxa de concepción en vacas de primeira lactación, en establos onde as vacas se arrefriaron no verán de forma mínima e forma intensiva





Figura 2. Medias da taxa de concepción en vacas adultas (2 partos ou máis), en establos onde as vacas se arrefriaron no verán de forma mínima e forma intensiva



Nas dúas figuras seguintes móstranse as medias da taxa de concepción mensual nos últimos cinco anos, tanto para vacas de primeira lactación, como para vacas adultas (dúas lactacións e máis).

Como se pode observar nas figuras 1 e 2, o arrefriamento intensivo das vacas no verán reduce á metade e máis a diminución na taxa de concepción das vacas que se inseminan nesta estación. ►►

Confianza y calidad

TIENDAS ASA

SIERO · VEGADEO · TAPIA DE CASARIEGO · EL FRANCO · COAÑA · TINEO · CANGAS DEL NARCEA · LUANCO · GIJÓN · VILLAVICIOSA · POSADA DE LLANES

Polígono Bravo, s/n · 33199 Granda, Siero (Asturias) | Tel.: 985 791 771

► CANDO SE TRATA DA CONCEPCIÓN, A DIMINUCCIÓN NO VERÁN PRODÚCESE DE MANEIRA SIMILAR EN VACAS NOVAS E MADURAS



Figura 3. Medias da produción de leite (l/v/d), en vacas de primeira lactación, no establo 2, onde as vacas se arrefriaron no verán de forma mínima e o establo 5, onde as vacas se arrefriaron no verán de forma intensiva

A diferenza da reacción no leite, cando se trata da concepción, a diminución no verán prodúcese de maneira similar en vacas novas e maduras, o que probablemente se deba á maior sensibilidade da fertilidade á calor, en comparación coa produción de leite.

Para examinar a relación entre a produción de leite e a fertilidade, elixín dous establos: o establo número 2, con arrefriamento mínimo, onde se rexistrou a maior diminución no rendemento de leite no verán e, ao lado, está o establo número 5, con arrefriamento intensivo, onde se rexistrou o maior rendemento de leite e a menor diminución no rendemento no verán.

A produción de leite media para os cinco anos 2019-2023 móstrase na figura 3, para as vacas de primeira lactación, e na figura 4, para as vacas adultas. ►►





Figura 4. Medias da produción de leite (l/v/d), en vacas adultas, no establo 2, onde as vacas se arrefriaron no verán de forma mínima, e no establo 5, onde as vacas se arrefriaron no verán de forma intensiva



EL RUMEN: UN POTENTE MOTOR QUE IMPULSA EL RENDIMIENTO DE TU GRANJA



HASTA

**7%
MÁS
LECHE**

HASTA

**6%
MÁS
CARNE**

OBTÉN MÁS POTENCIA DEL RUMEN DURANTE EL PERIODO DE ESTRÉS POR CALOR

LEVUCCELL SC, la Levadura Viva Específica para el Rumen, puede mejorar el rendimiento de tu granja durante todas las etapas de producción de leche y carne, incluso en situaciones de Estrés por Calor.

LEVUCCELL SC ayuda a maximizar la energía y a mejorar el pH del rumen (reduciendo el riesgo de acidosis subaguda ruminal), a favorecer el desarrollo del rumen y a aumentar la digestibilidad de la fibra.

Alimenta cada día con LEVUCCELL SC, la Levadura Viva Específica para el Rumen, y pon a punto tu granja para alcanzar la máxima eficiencia.

Levucell SC
Rumen Specific Yeast



**Saccharomyces cerevisiae CNCM I-1077*

*No todos los productos están disponibles en todos los mercados ni las alegaciones asociadas están permitidas en todas las regiones.

LALLEMAND ANIMAL NUTRITION ■ **SPECIFIC FOR YOUR SUCCESS**

www.lallemandanimalnutrition.com

LALLEMAND

► PÓDESE VER CLARAMENTE QUE LOGRAR UNHA ALTA PRODUCCIÓN DE LEITE NON NECESARIAMENTE RESULTA NUNHA MENOR FERTILIDADE

Figura 5. Medias da taxa de concepción (%), en vacas de primeira lactación en establo 2, onde as vacas se arrefriaron no verán en forma mínima, e no establo 5, onde as vacas se arrefriaron no verán en forma intensiva





Figura 6. Medias da taxa de concepción (%), en vacas adultas, no establo 2, onde as vacas se arrefriaron no verán de forma mínima, e no establo 5, onde as vacas se arrefriaron no verán de forma intensiva



Nas figuras 5 e 6 pódense ver as taxas de concepción de vacas novas e adultas nos mesmos establos. Do que se mostra nas figuras 3 a 6, pódese ver claramente que lograr unha alta produción de leite non necesariamente resulta nunha menor fertilidade. A magnitude da diminución da produción de leite no verán no establo con arrefriamento intensivo foi case un terzo da das vacas no establo con arrefriamento mínimo, e isto aplícase tanto ás vacas novas como ás adultas.

Tamén se rexistrou unha tendencia similar en canto á taxa de concepción. A diminución na taxa de concepción no verán no establo con arrefriamento mínimo foi máis do dobre, en comparación coa do establo con arrefriamento intensivo. Ademais do maior nivel de produción no verán nas vacas do establo con arrefriamento intensivo, acadáronse taxas de concepción que foron máis do dobre nas vacas novas e tres veces máis altos nas vacas adultas, isto en comparación coas vacas no

establo con arrefriamento mínimo, onde o rendemento de leite no verán tamén foi menor.

CONCLUSIÓN

Pódese dicir que o arrefriamento intensivo das vacas no verán permite reducir de forma notable a esperada diminución na produción de leite e, ao tempo, baixar de xeito significativo a mingua da fertilidade nesa estación, lograr boas taxas de concepción e, á vez, alta produción de leite. ■

Algimun[®]

Inmunidad gracias a las algas

Rendimiento
optimizado

**Mayor
resistencia**
a los desafíos

Asociación única
de extractos de macroalgas
biológicamente activos (MSP[®])

olmix.com

